



Estimadas familias:

O equipo de Educación Infantil quere mandarche ánimos para todo o tempo que imos ter que permanecer nas nosas casas. Ademais, tamén che queremos mandar unhas recomendacións para que todo este tempo único que nos está tocando vivir non sexa en balde.

Por iso, lembra:

- Márcalle un **horario con rutinas** a seguir diariamente (isto non son unhas vacacións e convén non perder ritmos: ás 9 todo o mundo en pé!). O horario pódese realizar nunha cartolina. Para os máis pequenos podemos utilizar debuxos ou pictogramas. Os que máis usamos no colexio son os de [Arasaac](#).
- Permítelle **colaborar nas tarefas do fogar**: facer a cama, organizar a roupa e dobrala, axudar en tarefas sinxelas de cociña, axudar na limpeza...
- **Non lle permitas abusar das pantallas** (tele, tablets, móbil) e limítalle o seu tempo de uso tentando, na medida do posible, que teñan supervisión no que estean a facer ou vendo. Se lle deixas usar xogos interactivos, tenta que sexan educativos e que repasen contidos vistos no colexio, para que así non desconecten da súa aprendizaxe. Usa os xogos de [A tropa de Paulo](#).
- Déixalle **un bloc ou un caderno** de debuxos para colorear, repasar, pintar ao seu aire, recortar, copiar letras e palabras, números...
- Usa **catálogos** de supermercados e tendas en xeral ou **libros** nos que aparezan moitos obxectos e, por tanto, vocabulario. Pídelle que os nomeen para repasar conceptos básicos de alimentos, roupa... ou números, tamaños, cores, formas... Mesmo poden recortalos e ilos pegando nun caderno para clasificalos segundo diferentes criterios.
- Proponlle **tarefas que ocupen varios días** como a realización de traballos manuais que haxa que deixar secar para continuar, facer quebracabezas grandes...
- Saca do armario os **xogos de mesa** ou con elementos manipulativos que permitan contar, realizar operacións matemáticas, repasar vocabulario, crear historias... Xogade xuntos a eles.
- Créalle un **espazo onde poida xogar** de forma máis ou menos libre e que lle permita moverse dentro de casa.
- Facede algunha **receita de cociña sinxela**: biscoito, rosquillas, galletas, pizza, empanada...
- Vede **películas ou debuxos** para poder manter conversacións sobre o que viu e que che conte o que sucede, quen son os personaxes... Habemos de publicar curtas no [Rakonto Pequeno](#).
- **Lelle contos** e libros en xeral (de poesía, de imaxes, con debuxos...), de forma que compartades tempos de lectura e, ao rematar, poidades falar sobre o que lestes. Para a xentiña máis grande, anímalle a que lea algunha sílaba ou palabra sinxela do conto.
- **Lelle contos**. Mellora a súa imaxinación e favorece o razoamento lóxico.
- **Lelle contos**. Amplía o seu vocabulario e beneficia o seu rendemento académico.
- Por se non quedou claro aínda: **lelle contos**.

Unha aperta forte de parte do equipo de E. Infantil.